



Modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

DEPARTAMENTO DE EF

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias pendentes.

Realización dun exame cos contidos do curso a recuperar:

- Exame teórico dos contidos de condición física e saúde e dos deportes traballados no curso anterior. Recopilación de actividades e xogos da materia. Puntuará o 40%.
- Exame práctico: Puntuará o 60%:
 - Test de resistencia.
 - Test cualidades físicas básicas.
 - Circuito de habilidades técnicas-tácticas dos deportes do curso anterior.

2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

Alumnado que non teña a materia superada:

O período de tempo entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria servirá para reforzar os aspectos nos que o alumnado presenta carencias e preparar as probas finais. O criterio de cualificación para esas probas será o mesmo que na recuperación (40%-60%).

- Practicaremos actividades de repaso dos contidos teóricos tratados durante o curso que lles supuxeran maior dificultade,
- Traballaremos actividades de ampliación con contidos prácticos individualizados para a mellora das cualidades físicas básicas.
- Deseñaremos actividades prácticas de reforzo de aquelas destrezas e habilidades técnicas que deben ser melloradas.

Para superar a materia, o alumnado deberá amosar interese e esforzo durante as sesións de recuperación e reforzo, así como acadar unha cualificación mínima de 5 na proba final.

Alumnado que xa teña a materia superada:

O período de tempo entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria servirá para practicar e elaborar actividades deportivas orientadas ao lecer e ao tempo libre no verán.

Utilizaranse as instalacións do CPI e do Concello.